

## TEMA 1.- ARTE GREGA: COMENTARIO DO DORÍFORO DE POLICLETO

**a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento:** Doríforo. Escultura exenta ou de vulto redondo da arte grega pertencente á época clásica, século V a.C., coñecido como “Século de Ouro” ou “Século de Pericles”. Autor: Policleto. Material: copia en mármore sen policromar. A obra orixinal era en bronce e estaba policromada.

**c.- Analiza e comenta a obra:** Policleto é o terceiro artista máis importante do século V a.C. despois de Fidias e Mirón. Destaca sobre todo pola representación de atletas nos que plasma o ideal de beleza masculina. A súa obra máis famosa é **O Doríforo**, figura masculina nova, núa, representada de pé, en actitude de marcha e de tamaño un pouco superior ao natural. É unha escultura exenta. Representa un tema característico da escultura grega: un atleta novo e vitorioso na súa plenitude física que sostíña unha lanza na súa man esquerda que apoiaba sobre o ombro: esta lanza era o símbolo da súa vitoria. Doríforo significa “o portador da lanza” e foi coñecido na Grecia antiga como o Canon.




Copia en bronce coa lanza

Doríforo móstrase dun xeito natural pero non é realista xa que é perfecto: está totalmente idealizado. A esta idealización contribúen varios aspectos:

► Policleto preocupouse durante toda a súa vida por crear un canon de proporcións ideais para o corpo humano; desenvolveu as súas teorías nun libro (hoxe perdido) titulado “Kanon” que levou á práctica ao esculpir O Doríforo

no que aplica rigorosamente o canon de proporcións ideais,



polo cal a cabeza é a sétima parte do corpo, agora ben, toda a figura está sometida a unhas rigorosas e exactas proporcións: todas as partes do corpo son proporcionais entre si e cada parte é proporcional ao conxunto. Así, o rostro está dividido en tres partes iguais: a fronte, o nariz e a distancia desde esta ao mentón. No século IV, o escultor Lisipo creará un novo canon de proporcións: o das oito cabezas, rompendo co canon de Policleto e iniciando un novo ideal de beleza.



► Doríforo é unha figura equilibrada que produce sensación de movemento pausado (clásico) pois camiña de forma suave. O equilibrio acentúase porque presenta as extremidades do lado dereito estendidas e as do lado esquerdo flexionadas e porque o corpo

se inclina suavemente cara ao lado esquerdo pero ese efecto é corrixido pola cabeza que se volve de forma suave cara ao lado dereito. A diferenza entre a función das pernas faise máis clara pois presenta o contraposto: a perna dereita, estirada, é a que aguanta o peso do corpo (está en tensión) e a esquerda está dobrada e retrocede tocando o chan só coas dedas: non aguanta o peso do corpo (está relaxada); o brazo dereito está estirado e relaxado e a perna esquerda (a contraria) dobrada e relaxada, o brazo esquerdo está dobrado e ríxido e a perna dereita (a contraria) estirada e ríxida. Con este xogo de posturas contrarias entre pernas e brazos logra que a figura teña harmonía e equilibrio e que as cadeiras e os ombros suban ou baixen e deixen de ser simétricos. Grazas a isto, a figura adquire maior naturalismo e produce maior sensación de movemento.

► A profundidade conséguese porque a perna esquerda está flexionada e retrocede namentres o brazo esquerdo está flexionado e avanza: a figura empeza a saír do seu plano (pero moi pouco) e a ocupar outro; parece querer abrirse ao espectador pero segue sendo pechada (produce a impresión de que é invulnerable).

► O punto de vista frontal é o que predomina, xa que se mostra case de fronte, porén, rompe un pouco coa lei da frontalidade a través da cabeza suavemente ladeada e o corpo lixeiramente inclinado cara ao lado contrario. A figura describe unha suave curva en forma de S invertida que lle confire máis harmonía.

► O corpo é moi robusto, macizo, pesado (era o prototipo de corpo masculino perfecto). O estudo anatómico é moi profundo: músculos potentes, brazos e pernas grosos, pescozo forte, ombros anchos... A cabeza está traballada de forma minuciosa: o cabelo é curto e pegado ao cranio conferindo á cabeza unha forma esférica (xeométrica), as orellas teñen un tamaño normal e forma natural ao igual que os ollos, o nariz é recto, os labios carnosos aparecen entreabertos (como se o estivese respirando). Igual que sucedía co Discóbolo, trátase dun rostro sereno pero inexpresivo.

Doríforo aínda mantén algúns restos de arcaísmo: o material está traballado con certa rudeza, os pectorais son planos, o abdome forma unha elipse e as liñas da cintura e da cadeira están moi marcadas.